



## Ficha de petición de instalacións tempada 2015/2016

&gt;&gt;

### Datos da solicitude (Obrigatorios os campos con \*)

Club / Entidade / Persoa física *		
Enderezo *	CP *	Municipio *
CIF / NIF *	Presidente ou Director da Entidade (de ser o caso)	
Persoa de contacto		Cargo
Telefono *	FAX	Correo electrónico
Deporte	Anos de concesión	Categoría

### >> Datos de facturación (Obrigatorios todos os campos) :

Nome ou Razón Social		
Enderezo	CP	Municipio
CIF ou NIF		

### >> Detalle da petición por instalacións:

	Instalación* (ver dorso)	Horario** (ver dorso)	Categoría
1.			
2.			
3.			
4.			

### >> Forma de pagamento

É obrigatorio o pagamento mediante domiciliación de recibos, agás nos casos que, previa solicitude, sexan autorizados pola Administración.

Cargo en conta (Cubrir o anexo 1)     Formalización     Efectivo     Transferencia

O presidente (sinatura)

Ourense,

A sinatura desta petición implica a comprensión e a aceptación das normas que se detallan na cara B deste documento.

#### AVISO DE CONFIDENCIALIDADE

O tratamento dos datos de carácter persoal está suxeito ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e no resto da normativa de aplicación. Os datos recollidos trátanse informaticamente ou arquivanse co consentimento do traballador/a, que ten dereito a decidir quen pode ter os seus datos, para que os usa, solicitar que estes sexan exactos e que se utilicen para o fin para o que se recollen, coas excepcións previstas na lexislación vixente.

- Proxecto deportivo ou calendario de competición.....
- Fotocopia do DNI do presidente.....
- Recibo bancario acreditando a titularidade da conta corrente.....

As persoas para as que se solicita a instalación posúen un seguro:

- Mutualidade deportiva  Asistencia Sanitaria privada

- ✓ O período de concesión **comprende desde o 15 de setembro de 2015 ata o 31 de maio de 2016. Tanto para pretempada como en caso de necesitar unha prórroga é necesario solicitarlo por escrito.**

✓ É necesario estar ó corrente dos pagos para solicitar a cancha, denegándose as peticións que teñan pagamentos pendentes.

- \* As instalacións pertencentes ó Consello Municipal de Deportes de Ourense susceptibles de ser solicitadas son as seguintes :
- Piscina Municipal "PedroEscudero" (25 m) – Piscina Municipal "Rosario Dueñas" (50 m)
  - Polideportivo A Carballeira - Polideportivo Oira - Polideportivo O Pompeo (IES Otero Pedrayo)
  - Cancha Central do Pavillón dos Remedios
  - Cancha Anexa do Pavillón dos Remedios
  - Campo de Hóckey de Mariñamansa
  - Campos de fútbol de Oira - Os Remedios - Vilar de Astrés – Santa Cruz de Arrabaldo – Velle - Universidade

\*\* Os horarios para poder solicitar as instalacións son os seguintes, dependendo da instalación:

Polideportivo da Feira – SO XIMNASIA	16:00 a 23:00 horas
Polideportivo A Carballeira	16:00 a 23:00 horas
Polideportivo de Oira	16:00 a 23:00 horas
Polideportivo O Pompeo (IES Otero Pedrayo) – NON Fútbol Sala	16:00 a 23:00 horas
Campo de Fútbol Os Remedios	16:00 a 23:00 horas
Campo de Fútbol de Oira	16:00 a 23:00 horas
Campo de Fútbol 7 de Oira	16:00 a 23:00 horas
Campo de Fútbol de Vilar de Astrés	16:00 a 23:00 horas
Campo de Fútbol de Santa Cruz de Arrabaldo	16:00 a 23:00 horas
Campo de Fútbol de Velle	16:00 a 23:00 horas
Cancha Central do Pavillón dos Remedios	16:00 a 00:00 horas
Cancha Anexa do Pavillón dos Remedios	16:00 a 00:00 horas
Campo de Hóckey de Mariñamansa	18:00 a 00:00 horas
Instalacións Deportivas Campus Universitario <sup>(2)</sup>	Preguntar

Dirixido a entidades deportivas, asociacións de discapacidade e marxinación social, e centros escolares públicos ou concertados do Concello de Ourense

Ábrese o prazo de solicitude para o uso de Instalacións Deportivas Municipais durante o ano escolar ou tempada, o día 1 de xuño e finaliza o día 30 do mesmo mes de 2015.

O Consello Municipal de Deportes reserva como prioridade o horario de 18,00 a 20,00 h. para o desenvolvemento das Escolas Deportivas.

A concesión de uso queda supeditada a que o solicitante estea ó corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal.

O solicitante comprométese ó **pagamento da totalidade da hora de concesión, aínda que esta non sexa utilizada e durante toda a tempada**, a non ser que renuncie ó uso da cancha con antelación de 5 días antes de terminar o mes en curso, co fin de evitar que se cobren os meses seguintes. Así mesmo, o CMD reserva o dereito a recuperar as horas nas que se detecte a falla de uso ou uso indebido nos horarios concedidos.

Será imprescindible encher toda a solicitude, facendo figurar os datos reais que se solicitan. No caso de que o Consello Municipal de Deportes detecte falsidade nos datos, a entidade causará baixa automaticamente do uso das instalacións.

**Petición de instalacións para a tempada anual** (Clubs, colexios, entidades de discapacidade e marxinación social):

Os clubs ou entidades deportivas poderán, para efectuar os seus adestramentos ou competicións, solicitar a reserva dunha instalación determinada. **A solicitude deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Consello Municipal de Deportes.** Todas as solicitudes recibidas dunha mesma instalación serán estudadas e clasificadas de acordo co Regulamento de uso de instalacións deportivas municipais.

Consecuentemente con esta clasificación a dirección deportiva asignaralle a cada entidade os días e horas en función da dispoñibilidade de cada instalación.

Aos clubs ou entidades deportivas que, logo da aplicación dos ditos criterios, se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido, nunha primeira fase provisional. Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións pasarán a unha segunda e definitiva fase na que a entidade deportiva deberá formalizar un contrato para a concesión do horario de adestramento. **Esta concesión terá vixencia ata o 31 de maio.** No caso de ser necesaria unha prórroga, esta deberá ser solicitada polo procedemento anteriormente descrito.

**A concesión de uso queda supeditada á posible autorización do Consello Municipal de Deportes para actos ou competicións**, non habendo lugar a reclamación cando, pola dita circunstancia teña que suspenderse o horario concedido. Non obstante, sempre que sexa posible, comunicarse coa máxima antelación posible. En todo caso a celebración de competicións conleva automaticamente a cancelación de calquera adestramento.

A cesión das instalacións a clubs e entidades deportivas durante toda a tempada **é exclusivamente para adestramentos** e non poderán ser utilizadas para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva do Consello Municipal de Deportes de Ourense; estas modificacións serán abonadas antes da celebración dos encontros segundo as taxas vixentes. **O INCUMPRIMENTO DALGÚNS DESTES CRITERIOS PODERÁ CONSTITUIR UNHA INFRACCIÓN DA ORDENANZA FISCAL E/OU DO REGULAMENTO DE USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.**

A concesión dunha banda horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implicará que esa mesma hora sexa concedida ó ano seguinte automaticamente polo feito de facer a solicitude. As concesións serán única e exclusivamente para a tempada concedida.

Deberá confirmarse o horario concedido nas oficinas do Consello Municipal de Deportes.

<sup>(2)</sup> Consultar os horarios dispoñibles nas Instalacións Deportivas do Campus Universitario (Polideportivo, Pista Tenis, Campo de Fútbol e Pista de Atletismo)



**Orde de domiciliación de débito directo SEPA**  
**SEPA Direct Debit Mandate**

<b>A encher polo acreedor</b> To be completed by the creditor	<i>Referencia da orde de domiciliación / Mandate reference</i> (A cubrir pola administración)
	<i>Identificador do acreedor / Creditor Identifier</i> <b>ES45001P8260001F</b>
	<i>Nome do acreedor / Creditor's name</i> <b>CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES</b>
	<i>Enderezo / Address</i> <b>AVENIDA DE PARDO DE CELA, 2</b>
	<i>Código postal – Poboación – Provincia / Postal Code – City – Town</i> <b>32004 – OURENSE – OURENSE</b>
	<i>País / Country</i> <b>ESPAÑA</b>

Mediante a sinatura deste formulario de Orde de Domiciliación, vostede autoriza (a) ao Consello Municipal de Deportes a enviar ordes á súa entidade financeira para cargar na súa conta e (b) á súa entidade financeira para cargar os importes correspondentes na súa conta de acordo coas ordes do Consello Municipal de Deportes.

By signing this mandate form, you authorise (A) Consello Municipal de Deportes to send instructions to your bank to debit your account and (B) your bank to debit your account in accordance with the instructions from Consello Municipal de Deportes.

<b>A encher polo debedor</b> To be completed by the debtor	<i>Nome do(s) debedor(es) / Name of the debtor(s)</i>
	<i>Enderezo do debedor / Address of the debtor</i>
	<i>Código Postal – Cidade – Provincia / Postal Code – City – Province</i>
	<i>País do debedor / Country of the debtor</i>
	<i>Swift BIC</i>
	<i>Número de cuenta – IBAN / Account number - IBAN</i>
	<b>E S</b>
	<i>Tipo de pagamento / Type of payment</i> <input type="checkbox"/> <i>Pago recorrente / Recurrent payment</i> 0 / or <input type="checkbox"/> <i>Pago único / One-off payment</i>
	<i>Data – Localidade / Date – Location in which you are signing</i>
	<i>Sinatura do debedor / Signature of the debtor</i>

De conformidade co disposto na Lei de Protección de Datos (L.O.15/1999), os datos de carácter persoal, recollidos neste impreso, serán incorporados a un ficheiro automatizado coa exclusiva finalidade do seu uso dentro deste Consello Municipal de Deportes. O/A titular dos mesmos pode exercer o seu dereito de rectificación ou cancelación, nos termos da Lei, dirixíndose ao Consello Municipal de Deportes / According with the Law on Data Protection (L.O.15/1999), the personal data collected on this form will be incorporated into an automated file with the sole purpose of its use within this Consello Municipal de Deportes. The holder thereof may exercise their right to correction or cancellation, under the law, making it known to the Consello Municipal de Deportes.